



C O N C E L L O
DE
M E A Ñ O
C.P. 36968
(PONTEVEDRA)

**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN DE LOCAIS DE USO PÚBLICO
MUNICIPAL PARA IMPARTICIÓN DE CLASES OU ACTIVIDADES ANÁLOGAS CON
FINALIDADE LUCRATIVA.**

Artigo 1º.- Natureza e fundamento.-

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, do 28 de decembro, acorda a imposición e ordenación da Taxa por utilización de locais de casas de cultura municipais afectas a cultura, para impartición de clases ou actividades análogas con finalidades lucrativas.

Artigo 2º.- Feito imponible.-

Constitúe o feito imponible da Taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal, Casas de Cultura municipais afectas a cultura, polos conceptos que se sinalan no título da taxa.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.-

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que utilicen ou aproveiten especialmente este dominio público local en beneficio particular, consonte algúns dos supostos citados no feito imponible.

Artigo 4º.- Responsables.-

- Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.
- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- Cota tributaria.-

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

Artigo 6º.- Beneficios fiscais.-

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas de rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º.- Devengo.-

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír unha vez se autorice a referida utilización.



C O N C E L L O
DE
M E A Ñ O
C.P. 36968
(PONTEVEDRA)

Artigo 8º.- Liquidación-Ingreso.-

A partir do inicio da actividade autorizada e ó comenzo de cada mensualidade liquidarase por períodos mensuais, efectuándose o ingreso nos cinco primeiros días de cada período.

Cando sexan altas novas solicitadas ó longo do período mensual o ingreso da taxa correspondente ó mes en curso efectuarase no intre da notificación da autorización.

Artigo 9º.- Infraccións e sancións.-

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

Artigo 10º.- Normas de xestión.-

- As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización na concesión ou autorización para realiza-los aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presentar unha solicitude especificando: datos identificativos completos, dirección, locais que solicita, horas de utilización: día/semana/mes e período de duración.

- Unha vez autorizado o aproveitamento e si non se determina con exactitude a duración do aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente declaración de baixa o interesado, procedéndose á correspondente liquidación.

- Cando se remata o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracíons de baixa e surtirá efectos no período natural seguinte ó de presentación da mesma, podendo, no seu caso, prorrarse por días. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

Disposición Final.-

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar na data que se expresa no anexo a esta ordenanza, entrará en vigor e será de aplicación o día seguinte ó da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO

- Primeiro. Tarifa.-

Concepto

Por utilización de local de Casas de Cultura para impartición de clases ou actividades análogas con fins lucrativos.

Pesetas

2.000 pts/hora

- Segundo. Data de aprobación.-

Meaño, 19 de outubro de 2000
O Alcalde

Asdo: Jorge Domínguez Rosal

